

COMISIONS DE SERVIZO POR CONCILIACIÓN FAMILIAR (CONCILIA)

QUE SON?

Adscricións temporais a prazas distintas do destino que se ocupa e para as cales se estea habilitado por motivos de conciliación da vida familiar e laboral.

QUEN AS PODE SOLICITAR?

Todo o persoal docente dependente da Consellería de Educación: funcionariado de carreira con ou sen destino definitivo, en prácticas, persoas interinas, persoas substitutas, tanto en activo como en excedencia por coidado de familiares ou por violencia de xénero, que teñan un ou máis fillos/as nas idades establecidas ou embarazo a termo antes do 1 de marzo do ano seguinte ao da solicitude.

QUE REQUISITOS SE PIDEN?

Tipo I) 1 filla ou fillo menor de 4 anos, de 8 anos no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora.

Tipo II) 2 fillas ou fillos menores de 6 anos, de 10 anos no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora ou 1 filla ou fillo menor de 6 anos cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%.

Tipo III) 3 ou máis fillas ou fillos menores de 12 anos, de 16 anos no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora ou 2 fillas ou fillos menores de 12 anos se un deles ten un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%.

COMO SE COMPUTA A IDADE DAS FILLAS E FILLOS?

- A idade compútase a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior á convocatoria na que se fai a solicitude.
- No caso de adopción ou acollemento permanente a idade compútase desde a resolución xudicial ou administrativa.

OUTROS REQUISITOS

Profesorado con destino definitivo: ter destino definitivo a **60 km ou máis** da residencia habitual.

Isto NON é aplicable ás persoas que presten servizos en EEI, CEIP, CRA, CEE ou CPI con xornada partida. Para coñecer a xornada do centro podes revisar a aplicación da Consellería webcentros.

Participar no CXT e solicitar praza na localidade ou localidades para as que se solicita a comisión de servizos.

Cando ambas persoas proxenitoras sexan persoal docente, só unha delas poderá solicitar a comisión de servizos, **AGÁS** casos de custodia compartida, na que poderán solicitala ambos proxenitores.

PRAZO DE SOLICITUDES

Do 19 de abril ao
2 de maio

• **10 días hábiles** contados a partir da publicación da resolución do CXT no DOG: este curso o prazo é dende o **19 de abril ata o 2 de maio**, ambos incluídos.

• No caso de haber CXT estatal, os 10 días contaránse a partir da publicación do último concurso no DOG.

• As persoas que superen o procedemento selectivo terán 2 días hábiles contados a partir da publicación de persoas aprobadas polo tribunal correspondente.

• No caso de non haber concurso de traslados ese ano, o prazo é do 15 ao 30 de abril.

COMO SE PRESENTA A SOLICITUDE

• **Obrigatoriamente** de xeito electrónico en <https://sede.xunta.gal>

• **Deberá cubrirse** na web da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

<http://www.edu.xunta.es/cadp> e presentarse por vía electrónica en <https://sede.xunta.gal>

MEDIOS ELECTRÓNICOS DE IDENTIFICACIÓN PERMITIDOS

• Certificado dixital

• DNI electrónico

• Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>)

PETICION DE CENTROS E LOCALIDADES

• Solicitar en primeiro lugar o centro ou centros da localidade ou localidades atopados nun raio de 20 km da residencia.

• Non hai obriga de solicitar dentro do radio dos 20 km os centros penitenciarios, as EPAPU nin os centros ordinarios que imparten ensinanzas en réxime de xornada partida.

• Poden solicitarse centros a máis de 20 km da localidade de residencia, neste caso é **preceptivo** ter solicitado os centros que están a menos de 20 km (agás as excepcións citadas).

DOCUMENTACION NECESARIA

Xunto co Anexo I deberán achegar:

- Informe médico coa data probable de parto (imprescindible que sexa con anterioridade ao mes de marzo do ano seguinte). No informe debe constar se o embarazo é simple, duplo ou triplo.
- Certificación literal de nacemento ou copia do libro de familia actualizado.
- Copia da sentenza xudicial no caso de custodia compartida.
- Copia da resolución xudicial no caso de adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo.
- Copia da resolución administrativa de acollemento permanente ou preadoptivo cando non fose expedida pola Xunta de Galicia.
- Copia da resolución administrativa de recoñecemento dun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% das fillas ou fillos menores de 12 anos, de ser o caso, cando non fose expedida pola Xunta de Galicia.

A TER EN CONTA

Non é necesario volver a achegar os documentos xa presentados anteriormente, sempre que non se modificaran as circunstancias familiares. A persoa solicitante deberá indicar cando e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

VIXENCIA

A vixencia da comisión de servizos ou adscrición provisional por motivos de conciliación da vida familiar e laboral será dun curso académico, e poderá prorrogarse, logo dunha nova solicitude, no suposto de seguir cumprindo os requisitos.

OBRIGA DE REALIZAR DÚAS SOLICITUDES

O persoal docente suprimido, desprazado, o persoal funcionario de carreira en expectativa de destino, o persoal nomeado funcionario en prácticas, o persoal que superou o procedemento selectivo correspondente e estea pendente de ser nomeado funcionario en prácticas e o persoal funcionario interino a que se lle conceda unha comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral **deberá realizar**, ademais da solicitude de comisión de servizos, unha **solicitude ordinaria**.



Servizos
Públicos

Ensino

ATENDÉMOSTE MOI CERCA



A CORUÑA

Avda. Fernández La Torre 27, 3º
15006 A Coruña
Tlf. 981 248 471
ensino.coruna@ugt-sp.ugt.org



FERROL

Rúa do Carme, 43-45, 2º
15402 Ferrol (A Coruña)
Tlf. 981359131
ensino.ferrol@ugt-sp.ugt.org



COMPOSTELA

Miguel Ferro Caaveiro 12, 1º
15707 Santiago (A Coruña)
Tlf. 981573634
ensino.compostela@ugt-sp.ugt.org



PONTEVEDRA

Av. Pasantería 1,1º
36002 Pontevedra
Tlf. 986858413
ensino.pontevedra@ugt-sp.ugt.org



VIGO

Av. García Barbón 67, 6º
36201 Vigo (Pontevedra)
Tlf. 886132759
ensino.vigo@ugt-sp.ugt.org



OURENSE

AParque San Lázaro 12,1º
32003 Ourense
Tlf. 988 23 77 90
ensino.ourense@ugt-sp.ugt.org



AROUSA

Rúa Castelao 22. Baixo
36600 Vilagarcía (Pontevedra)
Tlf.986 511213
ensino.arousa@ugt-sp.ugt.org



LUGO

Ronda da Muralla 58,1º
27003 Lugo
Tlf. 982221854
ensino.lugo@ugt-sp.ugt.org